



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Traballo de
fin de grao

O sector lácteo en
Galicia:
especialización,
crise e
reestructuración do
sector.

Antía López Arias

Titor/a: Marta Fernández
Redondo

Grao en Economía

Ano 2016

Resumo

A modernización do sector lácteo en Galicia ten lugar a partir da segunda metade do século XX, concretamente dende os anos sesenta. Este desenvolvemento do sector é debido por un lado á mellora da eficiencia nas técnicas de produción e pastoreo e, por outro lado, á existencia dunha crecente demanda urbana de produtos lácteos. Os avances na modernización do campo e o fomento por parte do estado da orientación láctea da produción permitiron destinar a produción das explotacións cara o mercado. Os anos 1986 coa incorporación á CEE e 2015 coa eliminación do sistema de cotas son as datas clave para este sector. Na actualidade, a actividade láctea posiciona a Galicia entre as dez principais rexións produtoras da UE e a principal de España. A pesar desta importancia, as explotacións galegas presentan certos problemas que frean a súa competitividade, a maioría deles arrastrados dende o século anterior, como son o reducido tamaño das explotacións, a intensificación do proceso produtivo e os elevados costes debido ao minifundismo, a escasa diversificación na produción ou a falla de asociacionismo. As unidades agrarias, apoiándose en medidas da PAC ou de políticas rexionais adecuadas deben superar estas trabas ao seu desenvolvemento para lograr ser competitivas e especializarse á vez que reforzan a súa posición na cadea de comercialización e distribución do leite. O canle por excelencia para acadar estes retos é a creación de cooperativas agrarias ou o impulso das xa existentes.

Palabras clave: sector lácteo, Galicia, cotas lácteas, PAC, crise do sector lácteo.

Resumen

La modernización del sector lácteo en Galicia tiene lugar a partir de la segunda mitad del siglo XX, concretamente desde los años sesenta. Este desarrollo del sector es debido, por un lado, a la mejora de la eficiencia en las técnicas de producción y pastoreo y, por otro lado, a la existencia de una creciente demanda urbana de productos lácteos. Los avances en la modernización del campo gallego y el fomento por parte del estado de la orientación láctea de la producción, permitieron destinar la producción de las explotaciones hacia el mercado. Los años 1986 con la incorporación a la CEE y 2015 con la eliminación del sistema de cuotas son las fechas clave para este sector. En la actualidad, la actividad láctea posiciona a Galicia entre las diez principales regiones productoras de la UE y la principal de España. A pesar de esta importancia, las explotaciones gallegas presentan ciertos problemas que frenan su competitividad, la mayoría de ellos arrastrados desde el siglo anterior, como son el reducido tamaño de las explotaciones, la intensificación del proceso productivo y los elevados costes debido al minifundismo, la escasa diversificación en la producción o la falta de asociacionismo. Las unidades agrarias, apoyándose en medidas de la PAC o de políticas regionales adecuadas deben superar estas trabas a su desarrollo para lograr ser competitivas y especializarse a la vez que refuerzan su posición en la cadena de comercialización y distribución de la leche. El canal por excelencia para alcanzar estos retos es la creación de cooperativas agrarias o el impulso de las ya existentes.

Palabras clave: sector lácteo, Galicia, cuotas lácteas, PAC, crisis del sector lácteo.

Abstract

The renewal of the milk sector in Galicia takes place since the second half of the twentieth century, more precisely from the 60s. The development of this sector is due, by one side, to the improvement of the efficiency in the production techniques and the shepherding skills, and on the other side, to the existence of a growing urban demand of milk products. The advances in the renewal of the Galician countryside and the promotion by the central government of the milk regulation led to apply the farms production to the market. The joining of Spain to the CEE in 1986 and the removal of the quota system in 2015 are the essential dates for the sector. Nowadays, Galicia is one of the main ten milk production regions in EU and the most important in Spain. Despite this importance, the Galician farms show certain problems which decelerate its competitiveness. Most of these problems already come from the last century like the small size of the farms the intensification of the process and the high costs due to the small holding, the poor diversification of the production or the lack of association. The farms must take support on the CAP rules or regional policies in order to solve these problems for being competitive and get specialized at the same time that they strengthen their position in the milk network. The essential way of achieving these challenges is the promotion of cooperative societies.

Keywords: milk sector, Galicia, milk quotas, CAP, crisis of the milk sector.

Índice

Introdución	9
1. A modernización do sector agrario galego: unha perspectiva histórica	11
1.1 Dende comezos do século XX até o fin da Autarquía	11
1.2 Dende o Plan de Estabilización até a incorporación á Unión Europea.....	14
1.2.1 Melloras na produción agraria e cambios na evolución de cultivos.	
1.2.2 Especialización gandeira: mecanización do proceso produtivo e aumento da demanda alimentaria.	
1.2.3 O papel do Estado na orientación láctea das explotacións	
1.2.4 Limitacións do sector lácteo galego de cara á internacionalización.	
2. O sector lácteo galego ante a incorporación á Unión Europea	22
2.1 A Política Agraria Común e as súas reformas.....	23
2.2 O sistema de cotas lácteas.....	26
3. Comparativa e rasgos estruturais do sector lácteo galego	31
3.1 A importancia do sector lácteo galego na UE e España.....	31
3.2 Rasgos estruturais do sector lácteo galego.....	35
3.2.1 Pequeno tamaño das explotacións	
3.2.2 Falla de asociación dos gandeiros reflexada nos baixos prezos	
3.2.3 Falla de diversificación	
3.2.4 Debilidade da industria láctea	
3.2.5 Características dos xefes de explotación e estrutura do traballo na explotación	
3.2.6 Especialización por provincias	
4. Crise actual do sector lácteo en Galicia	41
4.1 Eliminación do sistema de cotas e as súas repercusións no sector lácteo galego.....	41
4.2 Problemeas actuais do sector lácteo galego.....	43
5. Reestruturación do sector: Posibles alternativas e perspectivas de futuro	50
Conclusións	57
Bibliografía	59

Índice de figuras

Figura 1. Prezo dos produtos lácteos (1913-1935; números índices, 1913=100).....	13
Figura 2. Censo de gando bovino en Galicia e España de 1916 a 1965.....	13
Figura 3. Consumo de abonos en Galicia dende 1964 a 1969.....	14
Figura 4. Evolución das pradarias e prados naturais en Galicia de 1929 a 1979 (en 1.000 ha.).....	15
Figura 5. Número de motocultores e tractores de rodas en Galicia en 1963 e 1978.....	16
Figura 6. Participación da maquinaria galega no total da española de 1963 a 1978.....	17
Figura 7. Evolución do número de frisonas en Galicia e España no período 1963-1980.....	17
Figura 8. Destino do leite en Galicia en 1963 e 1978 (%).....	19
Figura 9. Explotacións agrarias en Galicia segundo a súa superficie (expresada en ha.) en 1962 e 1972.....	20
Figura 10. Produción de leite de vaca na UE, 1973-2013 (en millóns de toneladas).....	28
Figura 11. Número de granxas leiteiras na UE en 1983, 1993, 2003 e 2013.....	29
Figura 12. Número de vacas de orientación láctea na UE, 1983-2014 (en millóns de cabezas).....	30
Figura 13. Mapa da produción de leite nas rexións da UE en 2011.....	32
Figura 14. Porcentaxe que supón a produción de leite de vaca dos países membros no total da UE-25 no ano 2004.....	32
Figura 15. Produción de leite de vaca nas explotacións dos países da UE, 1996-2014 (en 1.000 toneladas).....	33
Figura 16. Produción de leite de vaca en Francia e España en 2004 e 2014 (en 1.000 toneladas).....	34

Figura 17. Censo de vacas de leite en España 2005-2015 (xaneiro de cada ano).....	34
Figura 18. Evolución do tamaño medio das explotacións en España 2006-2015 (vacas/explotación).....	35
Figuras 19 A, B, C e D. Produción de leite de vaca, manteiga, leite en pó e queixo (respectivamente) en España e Francia de 2003 a 2013 (en 1.000 toneladas).....	37
Figura 20. Relacións contractuais no sector leiteiro.....	38
Figura 21. Unidades de traballo ano (UTA) nas explotacións galegas (2003-2013).....	40
Figura 22. Número de explotacións segundo a tipoloxía no ano 2014. Galicia e provincias.....	40
Figura 23. Agrupación das explotacións agrarias en Galicia segundo a súa SAU 1999-2009 (en ha.).....	44
Figura 24. Evolución das macromagnitudes agrarias en España de 1990 a 2015 (valores correntes a prezos básicos en millóns de euros).....	45
Figura 25. Prezos comunitarios do leite en outubro de 2014 (2014 (€/100 litros).....	46
Figura 26. Evolución do prezo medio anual do leite en Galicia 1996-2015 (€/100 litro).....	47
Figura 27. Variación do prezo medio mensual do leite medido en €/100 l. (datos de 1996 a 2015).....	48
Figura 28. Composición das primas lácteas en Galicia durante o ano 2006 (€/100 litros).....	48
Figura 29. Prezos do leite por estratos declarados polos compradores en Galicia 2010-2015.....	50
Figura 30. Evolución das entregas (toneladas) e prezo do leite (€/100 litros) en Galicia 2010-2015.....	51

Índice de táboas

Táboa 1. Produción media de leite por vaca (en litros anuais).....	12
Táboa 2. Censo de vacas leiteiras en España (xaneiro de 2015).....	34
Táboa 3. Prezos do leite en España en decembro de 2014 (€/100 litros).....	36
Táboa 4. Número de explotacións por estudos realizados polo xefe de explotación en España.....	39
Táboa 5. Composición do prezo do leite percibido polos produtores en Galicia 2006-2013 (en €/100 l.).....	49

Introdución

Dende a primavera de 2015, a situación do sector lácteo convértese en noticia nos principais países produtores de leite da UE debido ás diversas mobilizacións dos gandeiros polos baixos prezos e a falla de garantía de recollida da produción.

Para comprender o alcance destas circunstancias convulsas debe terse en conta que o sector agrario é o encargado de suministrar alimento á poboación comunitaria, axuda á conservación do medio natural, contribúe e en última instancia ditamina a organización territorial así como o desenvolvemento do medio rural, que é onde están os valores da sociedade. Polo tanto, o sector lácteo en Galicia é un sector estratéxico e necesario por representar unha forma de vida, abarcar un alto porcentaxe da facturación total da industria alimentaria e ademais supoñer unha fonte de emprego tanto na produción como na transformación industrial. A produción láctea é, á súa vez, unha actividade de soporte e vertebración da agricultura en Galicia pero a diferenza desta rexión, nas zonas húmidas europeas a agricultura caracterízase por unha maior diversificación e modernización (véxase entre outros Sineiro García, 1995, *Análisis y perspectivas del sector primario en la UE, 2005*).

En Galicia, ata a preguerra, o 80% da poboación activa estaba ocupada na agricultura, porcentaxe que foi diminuindo dende entón ata situarse no primeiro trimestre do 2016 no 6,5% (segundo datos do IGE recollidos na EPA de Galicia. Este dato inclúe ocupados en Agricultura e Pesca). Á súa vez, case a metade dos ocupados en agricultura ou gandería son mulleres e a produción de leite de vaca en 2013 ascendía a 2.509.576 miles de litros, sendo as provincias que concentran a maior parte da produción A Coruña e Lugo. O descenso da poboación activa no campo vai ligado á

drástica e preocupante redución do número de explotacións (*Consellería do Medio Rural. Anuario de Estatística Agraria*).

Ademais do importante papel que xoga o sector lácteo en Galicia, para poder entender a magnitude dos problemas aos que se enfrenta na actualidade, é preciso voltar a vista ao pasado e revisar como se formou a opción láctea da gandería: asentada sobre un minifundio e a incorporación a un Mercado Común que esixía ao noso sector maior dinamismo e diversificación.

Para afrontar estes problemas necesitanse actuacións e iniciativas tanto por parte dos produtores como da industria e da Administración. De alcanzar estos retos, as explotacións galegas, que están entre as maiores produtoras de Europa, poderán tamén consolidarse como das máis competitivas, a nivel español e europeo e acadar do sector lácteo unha opción viable para novos empresarios, evitando así o peche das explotacións.

O obxectivo deste Traballo de Fin de Grado é facer unha análise do sector lácteo en Galicia, centrándonos na actual crise do sector a nivel europeo en xeral e galego en particular coa eliminación das cotas lácteas e a posible reestruturación do sector cara ao futuro. Para iso empezamos explicando a modernización do sector agrario galego dende unha perspectiva histórica e continuamos cunha visión concreta do sector lácteo galego coa incorporación á UE. O epígrafe terceiro contén unha comparativa do sector e os seus rasgos estruturais e para rematar centrámonos na crise actual do sector lácteo galego, as posibles alternativas futuras finalizando cunhas conclusións e a bibliografía utilizada.

As fontes estatísticas fundamentais utilizadas son o Instituto Galego de Estatística (IGE), Instituto Nacional de Estadística (INE), EUROSTAT e distintas fontes estatísticas da Consellería do Medio Rural e do Mar.

1. A modernización do sector agrario galego: unha perspectiva histórica

A situación actual do sector agrario en Galicia é o resultado das características adquiridas ao longo da historia e dos diversos cambios acontecidos no seno do mesmo dadas as distintas realidades socioeconómicas e marcos políticos que atravesou. Durante o século XX distínguense varios períodos en relación ao desenvolvemento da agricultura, que se describen a continuación.

1.1 Dende comezos do século XX ata o fin da autarquía

Ata o ano 1959 as características que presentaba a agricultura galega ao comezo do século non presentan cambios importantes: as explotacións agrarias continúan a ser minifundios divididos en parcelas extremadamente pequenas, con man de obra familiar, dedicadas ao policultivo orientado ao consumo doméstico tanto animal como humano. Aínda que unha parte da produción agraria se destina ao mercado, non se pode falar en Galicia de especialización produtiva nin división do traballo dentro da mesma explotación nin dentro da agricultura española. Tampouco se pode falar de evolución na cabana gandeira (Sequeiros, 1986, pp. 58 y 66).

O minifundio característico das explotacións galegas ten a súa orixe no século XIX. A sociedade ata ese entón caracterizábase por ser os señores feudais e institucións eclesiásticas os posuidores da terra, que arrendaban aos campesiños para que a traballasen a cambio dun pago en especie ao propietario en cuestión. O contrato de arrendamento denominábase foro. Ante o incremento da poboación por aquel entón (prodúcese o paso ao ciclo demográfico moderno da sociedade galega), os propietarios non aumentaron a roturación de terras, senón que se subarrendaron as parcelas a través dos denominados medianeiros. Esta forma de subarrendamento da paso ao subsubforo, que supón a división das parcelas en porcións de terreo máis pequenas. Co proceso de desamortización, e especialmente coa lei de Redención

foral de 1926, que supón a desaparición definitiva do contrato de foro, as pequenas parcelas pasaron a mans dos campesiños dando lugar á constitución de pequenas explotacións agrícolas familiares e á súa vez a opción gandeira do sector primario. É dicir, "o réxime de propiedade determinaba o tamaño das parcelas, pequenas e moi dispersas" (Alonso, 2010, p. 18).

En Galicia, o gando bovino presenta un baixo nivel de rendementos debido á pobre selección xenética e á deficiente alimentación. Non obstante prodúcese un esforzo modernizador que se pon de manifesto no aumento da produción media de leite por vaca de 1924 a 1933, aínda que esos niveis seguen por debaixo dos rendementos do gando obtidos noutros países. (Táboa 1).

Táboa 1: Produción media de leite por vaca (en litros anuais)

	1924	1933
Galicia	548	767
España	1.122	1.247
Alemaña	1.350	
EE.UU.	1.824	
Holanda	3.000	


Nota: os datos de 1924 refírense a exemplares de ordeño exclusivamente mentres que os de 1933 inclúen vacas leiteiras e de aptitude mixta e son valores medios de vacas de montaña e val.

Fonte: Ministerio de Agricultura, *Reglamentos de libros genealóxicos y de comprobación de rendimento lácteo*. Madrid, 1933 p.92 (véxase Martínez López, 1991).

Os prezos do leite neste período sofren un estancamento debido á crise finisecular para logo experimentar un crecemento nas dúas primeiras décadas do século XX debido ao incremento de demanda que supuxo a Primeira Guerra Mundial e posguerra. Dende 1927 os prezos do leite seguen unha tendencia á baixa ata a Guerra Civil, sufrindo unha caída pola deflación da Gran Depresión que se adianta uns anos para os produtos agrícolas. Os derivados lácteos seguen unha evolución diferente ca no caso do leite: pasan por un gran crecemento nominal (caso destacado o da manteiga) e mantéñense en altas cotizacións, o que explica o aumento de industrias leiteiras nos anos 20. (Figura 1).

Ata a Guerra Civil, o sector lácteo galego non logra afianzarse debido ao reducido mercado autóctono, a inexistencia dun crédito rural para satisfacer as necesidades agrícolas e ademais o proceso de redención foral foi tan tardío que limitou a consolidación dun sector agrario moderno. Non obstante comézase a apreciar certa orientación cárnica.


Figura 1: Prezo dos produtos lácteos (1913-1935; números índices, 1913=100)



Fonte: Boletín de Estadística número extraordinario. Prezos al por mayor y números índices 1913-1941, Madrid, 1942, pp. 278-279 (véxase Martínez López, 1991).

Durante a posguerra e o primeiro franquismo, o sector primario foi o que máis sufriu as consecuencias do intervencionismo económico da ditadura, que supuxo a caída nas importacións de inputs (fertilizantes químicos, maquinaria). A agricultura viuse conducida a unha situación de autoconsumo e a gandería sofre a escasez de forraxe e as requisas da posguerra aos campesiños (Alonso, 2010, p.48). Na figura 2 obsérvase esta redución do número de cabezas dende o ano 1934 ata 1955 e recuperándose algo nos anos sesenta. De todas formas é de resaltar que a proporción da cabana gandeira de Galicia sobre España mantéñese nunha proporción en torno ao 29%.

Figura 2: Censo de gando bovino en Galicia e España de 1916 a 1965



Fonte: INE; Anuario Estadístico de España, Madrid, diversos anos, e Ministerio de Agricultura, Secretaría General Técnica; Censo de la Gandería Española, Madrid, diversos anos (véxase Sequeiros Tizón, 1986).


1.2 Dende o Plan de Estabilización até a incorporación á Unión Europea

Este período está caracterizado polo fin da autarquía no ano 1959 e a expansión económica dos anos sesenta. A agricultura galega aproveita as condicións favorables nos mercados exteriores, o que axuda a aumentar a produtividade e impulsar diversos cambios. A agricultura rexional pasa de ser estacionaria a dinámica, é dicir, asistimos á mercantilización da economía agraria no referente á venda de produtos finais, o leite, entre outros, e inputs intermedios (maquinaria e abonos). Isto ven acompañado por un trasvase de man de obra do sector primario ao sector industrial e servizos, dando lugar a un proceso de desagrarización, urbanización y asalarización. Entre os distintos cambios que se producen na agricultura galega, podemos sinalar os seguintes:

1.2.1 Melloras na produción agraria e cambios na evolución de cultivos

A modernización do sector na década dos anos sesenta ten efectos moi positivos na produción agraria. Abandónase progresivamente o autoconsumo e a agricultura galega posiciónase claramente no mercado. A agricultura rexional mostra unha progresiva interdependencia coa industria química española. Por exemplo, a utilización de fertilizantes e abonos nitroxenados ven impulsada pola estabulación de gando de forma máis eficiente e avanzada o que favorece as melloras na hixiene pecuaria e no control de enfermidades (Figura 3). Como dato, pódese sinalar que nos anos cincuenta non se adquiría ningún input agrícola mentres que nos sesenta a adquisición de inputs agrícolas supoñía un 40 por cento do valor da produción final (Alonso, 2010, pp. 38 y 54).


Figura 3: Consumo de abonos en Galicia dende 1964 a 1969



Fonte: Servicio Nacional de Cereales (Tomado de Metra/6; Situación actual y perspectivas de desarrollo de Galicia. CECA, Madrid, 1974). Véxase Sequeiros Tizón, 1986.

Por outra banda, o cambio na evolución dos cultivos está relacionado coa introdución na cabana gandeira de razas especializadas na produción de leite. Os cultivos forraxeiros especialízanse a partir de 1960 en cultivos expansivos maioritariamente, o maíz de gran, maíz forraxeiro, pataca, prados naturais e de forma destacada as pradeiras artificiais. Na Figura 4 móstrase o aumento das hectáreas de pradarías e prados artificiais, cultivos utilizados para a alimentación da cabana gandeira.

Figura 4: Evolución das pradarías e prados naturais en Galicia dende 1929 a 1979 (en 1.000 ha.)



Fonte: Ata 1959 Beiras, El problema del desarrollo en la Galicia rural, 1967 (véxase Sequeiros Tizón, 1986).

Este fenómeno reflexa unha "reestruturación de cultivos" para adecualos a unhas necesidades nutritivas distintas tanto dos animais como da poboación. Pero a superficie destinada ás actividades agrícolas non se ve modificada de forma notable, é dicir, o sistema de roturacións que caracterizan o cultivo galego mantense intacto. (Sequeiros, 1986, p. 61).

1.2.2 Especialización gandeira, mecanización do proceso produtivo e aumento da demanda alimentaria

Dende a aplicación das políticas aperturistas do Plan de Estabilización do ano 1959 increméntase a especialización gandeira do sector agrario galego pasando de representar o 44% do sector no ano 1960 a un 70% nos anos oitenta. A especialización do sector primario en xeral e das actividades gandeiras en particular vai acompañada dun entorno de crecemento económico mundial na década dos anos sesenta: taxas de crecemento real do PIB superiores ao 4%, prezos baixos do petróleo, facilidade de financiación, expansión do comercio internacional, altas produtividades e rendas per cápitas en aumento.


A especialización gandeira en Galicia pódese explicar polo proceso de mecanización que sofre o sector acompañado do aumento da demanda de produtos alimenticios grazas aos incrementos de renda per cápita. Fagamos un breve repaso.

Enténdese por mecanización do proceso produtivo no sector primario o desenvolvemento das forzas produtivas na agricultura, é dicir mecanización, incorporación da tecnoloxía e introdución da cultura innovadora na sociedade galega, pois ata a década dos sesenta a man de obra no campo era familiar dado o carácter de subsistencia da actividade agraria. O vacún tradicional galego (rubia galega) proporcionaba tiro e era utilizado para o laboreo de terras. A partir dos anos sesenta comeza a crise da agricultura tradicional con altas cifras de emigración exterior xunto cun desprazamento interior da poboación rural cara as cidades.

O sector gandeiro galego, aproveitando o proceso industrializador da economía española e a súa liberalización exterior, verase beneficiado pola introdución de maquinaria xa que o gando coa nova orientación produtiva (xenética de importación especializada na produción de leite para exportación, isto é, para o mercado) non é apto como as razas autóctonas para ditas actividades. Este proceso é coñecido como “frisonización”: substitución do establo tradicional por un máis moderno, maior mecanización que esixe novas prácticas de produción e maior control da hixiene (Posada Navia, 1990).


Proba diso é o enorme crecemento do número de motocultores e tractores en Galicia: en 1963 o número de motocultores é de 93 e de tractores con rodas 1.783, pasando no ano 1978 a ser 27.021 e 40.686 respectivamente (Figura 5). Incrementábase tamén o peso desta maquinaria respecto ao total de España (Figura6).

Figura 5: Número de motocultores e tractores de rodas en Galicia en 1963 e 1978



Fonte: elaboración propia a partir de Sequeiros Tizón, 1986, p.97.


Figura 6: Participación da maquinaria galega no total da Española, 1963-1978 (%)



Fonte: elaboración propia a partir de Sequeiros Tizón, 1986, p.97.

Dentro da especialización gandeira a opción láctea encontra o seu desenvolvemento grazas ao crecemento demográfico dos anos sesenta, o aumento da poboación urbana e as entradas de turistas. O comportamento demográfico e as melloras en renda impulsan a demanda de produtos alimentarios, entre eles o leite e os derivados lácteos. A especialización láctea en Galicia refléxase no gran aumento do número de frisonas e a diminución progresiva das razas vacunas que non están orientadas á explotación láctea. Seguindo a Figura 7 o número de frisonas en Galicia pasou de 38.857 en 1963 a 250.733 en 1980, pasando de supoñer o 8% do número de cabezas desta raza existentes en España a un 22,14% en 17 anos (Sequeiros, 1986, p.90).

Figura 7: Evolución do número de frisonas en Galicia e España de 1963 a 1980



Fonte: Ministerio de Agricultura, Secretaría General Técnica; Censo de Ganadería Española, Madrid (véxase Sequeiros Tizón, 1986).

Esta especialización gandeira ten como resultado unha produción leiteira orientada a abastecer á industria transformadora relegando a un segundo plano outros tipos de

produccións. Así se explica a creación das maiores empresas do sector lácteo na época: LARSA (1947), COMPLESA (1965), UTECO (1952), Leyma Central Lechera (1962), por exemplo. A existencia do mercado e a demanda (rexional, nacional e cada vez máis a exterior) de produtos alimentarios favorece a gandeiría sen terras, cercana as áreas de consumo e dependentes de inputs de importación.

1.2.3 O papel do Estado na orientación láctea das explotacións

Dentro do papel dinamizador do Estado hay que incluír o gasto público realizado na mellora das infraestruturas de comunicación por carretera entre as zonas produtoras do norte e os núcleos de poboación máis dinámicos, a formación profesional agraria, a posta en marcha e melloras da electrificación nas zonas rurais, a dotación de créditos e subvencións. No caso concreto da política rexional, a variedade de propostas van dirixidas a dinamizar a demanda a través de incentivos ao investimento privado, subsidios, investimento estatal directamente e mellora das infraestruturas (Polos de Desenvolvemento¹). O aumento do gasto público dirixido ás rexións utilizando estas medidas redistributivas vese favorecido polo forte crecemento económico xeral. Dende mediados da década dos anos setenta as políticas rexionais nacionais téñense que adatar a situación da crise económica (Grande Area De Expansión Industrial de Galicia) (Fernández Redondo, 2004).

O Estado directamente ou ben a través de organismos específicos do campo galego mostran un papel cada vez máis interventor co obxectivo de impulsar as explotacións máis viables á produción láctea: Organismos como o IRYDA e a Extensión Agraria, entre outros, encárganse dunha parte dos costes de produción das empresas agro-industriais implantadas en Galicia, promóciónanse as novas razas de orientación láctea importadas, proporciónase formación agraria aos campesiños, así como a utilización de técnicas para mellorar a actividade agraria (cursos para o uso e pilotaxe de maquinaria agraria, tratamento dos animais, xestión de empresa...), impúlsanse as cooperativas e concédense créditos e subvencións para a compra de animais, maquinaria, etc.

1.2.4 Limitacións do sector lácteo galego de cara á internacionalización


A pesar de todos estes cambios acontecidos na agricultura galega os rendementos da cabana gandeira galega con orientación láctea son menores que os obtidos pola

¹ I Plan de Desarrollo (1964-67); II Plan de Desarrollo (1968-71), III Plan de Desarrollo (1972-75)

cabana leiteira española en conxunto. Isto débese a que, a pesar dos avances, as explotacións seguen presentando certos problemas como estabulación precaria, existencia aínda de enfermidades sufridas polo gando como a tuberculoses e mamites.

O principal destino do leite galego, que provén do incremento nos rendementos do gando é o destete demasiado temprán das crías e a exportación aos mercados españois, en especial ao madrileño. Pola súa parte, as grandes empresas agroindustriais que se dedican á produción láctea abastecen os mercados extraxionais a través da recollida de leite fresca nas pequenas e dispersas explotacións. Isto supón un enorme coste para estas empresas que fai difícil a súa implantación en Galicia. Desta forma a maior parte do leite obtido nas explotacións destínase ao consumo humano e a súa utilización industrial é moi limitada, destacando o incremento na produción de queixos (Figura 8).

Figura 8: Destino do leite en Galicia en 1963 e 1978 (% sobre o total)




Fonte: elaboración propia con datos do Censo Agrario de España, 1972; INE, Madrid, 1973 (véxase Sequeiros Tizón, 1986).

A agricultura galega caracterízase na década dos sesenta por explotacións e man de obra familiares que presentaban serias dificultades para a supervivencia de moitas delas pola desaparición natural do empresariado causada polo descenso da poboación rural e unha descendencia orientada a outros sectores produtivos.

Co boom urbano, industrial, demográfico e económico presentado nos sesenta, a política económica que se pon en práctica en Galicia pretende romper co minifundio de subsistencia e destinar as explotacións que contan cunha superficie superior a 3 ha., consideradas medianas, hacia a produción de leite ou cárnica para comercializar nos mercados. Como se representa na Figura 9, en dez anos o número de explotacións en

Galicia redúcese debido á diminución das explotacións de menor tamaño pero aumentan lixeiramente as de maior tamaño.

Figura 9: Explotacións agrarias en Galicia segundo a súa superficie (expresada en ha.) en 1962 e 1972



Fonte: Censo Agrario de España, 1972; INE, Madrid, 1973 (véxase Sequeiros Tizón, 1986).

A reorientación destas explotacións e en conxunto o acercamento ao mercado da agricultura galega está financiada non por grandes empresas senón polas unidades campesiñas que obtiveron financiación das remesas de emigrantes que se dirixen fundamentalmente a destinos europeos e tamén americanos; e tamén por "a existencia por primeira vez na historia de Galicia dun mercado exterior importante e estable". Así mesmo, tamén resulta importante a financiación obtida polas explotacións de certas medidas rexionais como os Plans de Desenvolvemento para lograr esta modernización do sector agrario galego. Máis tarde obtiveron o apoio de sindicatos agrarios e cooperativas de consumo. No que se refire á organización dos campesiños, a existencia de pequenas propiedades e a enorme dispersión da poboación galega fai que a situación de cada propietario sexa diferente ao seu veciño, polo tanto, existe fragmentación entre os distintos empresarios que dificulta un movemento organizativo destes agricultores. Por esta razón, as grandes empresas que operan no sector levan unha política comercial arbitraria e a toma de decisións realízase con liberdade; cada empresa negocia co campesiño de forma individual as condicións de recollida do produto polo tanto, trátase dun monopolio polo lado da oferta e a demanda. Non existen presións proletarias nin reivindicacións sociais. (Sequeiros, 1986, pp. 118, 136; Alonso, 2010, p.38).

Para finalizar este epígrafe podemos engadir que o proceso de modernización da agricultura española deuse con "uns vinte ou trinta anos de retraso" respecto á

europea. Entre os motivos está a ausencia dunha demanda local suficiente, a falla de apoio técnico para a mellora das explotacións ata os anos oitenta, a influencia do Decreto de Centrales Lecheras de 1966, que fomentou a produción de leite próxima aos lugares de consumo e limitou o establecemento dun mapa produtivo de leite máis acorde co potencial de cada zona (este Decreto brindaba protección para a produción de leite en zonas do centro, sur e este de España onde o prezo mínimo pagado aos gandeiros superaba nun 12% ao percibido polos da Cornisa Cantábrica) e por último, a concentración parcelaria² levábase con retraso e apenas se impulsaban melloras nas estruturas produtivas. (Alonso, 2010, p.107).

En 1973 prodúcese o primeiro incremento brusco do prezo do petróleo con efectos negativos a escala internacional. Galicia encóntrase a mediados da década dos 70 en pleno cambio político, cunha recesión económica grave e cunha caída da demanda de emprego en Europa e, polo tanto, unha redución das entradas de remesas de emigrantes tan importantes na modernización do sector agrario galego.

O Acordo Económico Preferencial entre España e a CEE sentou as bases para unha posterior integración e impulsou ao sector lácteo a dirixirse hacia un novo e gran mercado, o europeo. Coa entrada de España na CEE en 1986, Galicia débese insertar nunha economía globalizada o que afectou tanto aos sectores máis tradicionais e maduros, incluída a agroindustria, como os máis diversificados e modernos. A produción láctea debe adaptarse ao sistema europeo de cotas polo que se limita a produción de leite das explotacións españolas (e galegas) para controlar os excedentes que xa se estaban dando, coa produción láctea francesa á cabeza.

² Co obxectivo de superar as limitacións do tamaño das explotacións galegas de cara a internacionalización do sector agrario, a Comunidade Autónoma de Galicia acordou a *Ley 10/1985, de 14 de agosto de concentración parcelaria para Galicia* (publicado no DOG de 22 de Agosto de 1985).fixando unha serie de actuacións dirixidas a incrementar a rendabilidade económica e social no ámbito rural.

2. O sector lácteo galego ante a incorporación á Unión Europea.

O ano 1986 é unha data clave para o sector agrario galego pois en abril do mesmo, España incorpórase á CEE e como consecuencia aplícase á agricultura as directrices e continuas reformas da PAC (Política Agraria Común). En concreto para o sector lácteo significa a aplicación do sistema de cotas, en vigor para o resto de países membros dende 1984. Este cambio tamén debuxa un novo mapa administrativo para a agricultura galega: a UE materializa as súas decisións no referente ao sector lácteo a través dos distintos mecanismos e directrices da PAC, que á súa vez é unha política condicionada ás decisións e acordos a nivel mundial que establece a OMC (anteriormente denominada GATT); España como estado membro da UE conserva un pequeno grado de manobra no referente á aplicación concreta das medidas comunitarias e para a implementación de políticas propias e, en última instancia, a Xunta de Galicia véese limitada a xestionar as directrices da PAC aínda que ten unha pequena capacidade para deseñar políticas autónomas. As actuacións da Administración galega en canto ao desenvolvemento da súa economía láctea quedan reflexadas en iniciativas como o Plan Lácteo presentado en Bruxelas, o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (Lei 7/1994 de 29 de decembro publicada polo Parlamento de Galicia); ou o Grupo Industrial Lácteo, de base cooperativa, por exemplo.

No relativo á oferta agraria, a partir do ano 1986 o sector agrario galego pasa de dirixir a súa produción ao mercado español a afrontar a competencia exterior dos restantes socios comunitarios e afrontar ademais a liberalización en aumento do comercio de produtos agrarios establecida polo GATT.

2.1 A Política Agraria Común e as súas reformas

A orixe da PAC encóntrase na Organización Común de Mercado (OCM) de 1960. A OCM baséase en 4 principios fundamentais:

- I. Unidade de mercado.- Libre circulación de produtos agrarios na UE producidos dentro; ademais son prioritarios de cara ao consumo establecéndose vetos á entrada de produtos similares de países de fora.
- II. Preferencia común.- Os países comunitarios comprométense a utilizar preferentemente produtos da UE, de forma que as importacións de fora non están prohibidas pero si se gravan cun alto arancel para frear a súa competitividade.
- III. Solidaridade comunitaria.- Os países membros costean a PAC (e todas as rexións, por tanto, participan a través dos seus orzamentos na PAC).
- IV. Corresponsabilidade.- Este principio afecta directamente ao sector lácteo a través das cotas lácteas, pois regúlase a participación dos agricultores na financiación e trato dos excedentes.

A elaboración da PAC seguiu un proceso de negociacións e traballos que a Comisión Europea plasmou de forma definitiva no Plan de Mansholt elaborado en 1962. As OCM póñense en funcionamento a finais de 1964 e entre 1966 e 1969 establécese a apertura dun mercado único protexido fronte ao exterior e consolídase definitivamente a PAC (García de la Cruz, 2014, p.154).

A Política Agraria Común está orientada hacia 5 obxetivos, que en grandes rasgos son a súa razón de ser e o seu procedemento de execución queda plasmado no Tratado de Roma:

- Aumentar a produtividade agraria fomentando o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular da man de obra.
- Garantir un nivel de renda equitativo para a poboación rural agrícola.
- Estabilizar os mercados.
- Garantir a seguridade dos aprovisionamentos e alimentaria.
- Garantir prezos razoables aos consumidores.

En conxunto, a PAC poderíase englobar nunha política restrictiva centrada en:

- Reducir a oferta:
 - Disminuír o número de cabezas de gando destinadas á produción de leite.

- Aumentar o rendemento da produción debido á mellora xenética.
- Reducir aceleradamente o número de explotacións e aumentar o seu tamaño (a través da unión de explotacións).
- Aumentar o nivel de mecanización desas explotacións.
- As SAT³ surxen ao amparo destas medidas.
- Reactivación da demanda a través de subvencións para fomentar o consumo de manteiga, consumo de leite en po e uso de leite en po para alimentar a cabana gandeira. España e Galicia non son produtoras de manteiga nin de leite en po como o son países como Francia polo tanto para poder beneficiarse destas medidas, o noso país necesita diversificar a produción e non centrarse solo na comercialización de leite fresca.

Dende os seus inicios, a Política Agraria Común pasou por numerosas reformas, das que España foi partícipe dende a súa incorporación á CEE en 1986 sendo o FEOGA (Fondo Europeo de Ordenación e Garantía Agraria) o organismo encargado de supervisar as disposicións da PAC e de velar polas equiparacións dos prezos, para cuxa financiación, a Xunta de Galicia debe destinar unha parte do seu orzamento.

- **A primeira PAC (1984-1985):**

As orixes da PAC encóntranse no intervencionismo dos países europeos tras a Segunda Guerra Mundial para combater a escasez de alimentos. As políticas adoptadas centrábanse en abastecer á sociedade de alimentos a prezos asequibles e que garantizasen un nivel de vida equitativo á poboación agraria. Como resultado, nas décadas posteriores, a situación deficitaria de alimentos converteuse en excedentaria. A PAC destes anos céntrase en corrixir ditos excedentes, marcando a dimensión do mercado agrario comunitario, isto é, o número de produtos que se poden poñer no mercado e restrinxen os prezos respecto a períodos anteriores. No caso do leite, os países membros deben adaptar a súa produción ás cotas lácteas fixadas.

- **Reforma McSharry de 1992:**

Esta primeira gran reforma está impulsada polo crecente gasto agrícola e os desequilibrios entre oferta e demanda. Prodúcense tres cambios fundamentais:

³ As Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) son sociedades civís de finalidade económico-social en relación á produción, transformación, e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, a realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrario así como á prestación de servizos comúns relacionados con ditos conceptos. (<http://www.magrama.gob.es/>).

- Diminución dos prezos garantizados co fin de conseguir maior equiparación entre os prezos da UE e os prezos mundiais.
- Caída das rendas dos pequenos agricultores no mercado mundial pois van estar localizados os produtos das grandes explotacións (que non son característicos de Galicia), paralelamente, a UE pon en marcha un sistema de subvencións á renda en función das ha. de produción e cabezas de gando por explotación.
- Fortálécense os mecanismos para o control de produción (se a produción aumenta será porque a UE ten garantizada a saída destes produtos).

- **Axenda 2000:**

Esta nova reforma é o resultado das crises alimentarias dos anos noventa, a entrada á UE dos PECO e a Conferencia sobre Desenvolvemento Rural de Cork. Entre outras medidas establécese unha diminución dos prezos institucionais e axudas directas á renda. Foméntase ademais a política de desenvolvemento rural no seno da PAC.

- **Reforma de 2003: O Pago Único:**

Con esta reforma a UE aproba o denominado Pago Único a través do cal os dereitos de axuda asignados aos agricultores calcúlanse en función das axudas recibidas durante un período de referencia, polo tanto son independentes dos niveis de produción futuros de cada explotación. Este sistema vai substituíndo os pagos directos acoplados á produción e introdúcese en España no ano 2006.

- **Reforma de 2008: O Chequeo Médico:**

Ante a eliminación do sistema de cotas previsto para 2015, o Chequeo Médico da PAC leva a cabo unha denominada "aterrixaxe suave" (Valdés Paços et al., 2011, pp.2, 5). dende o ano 2008 consistente nun incremento do 1% anual no volume das cotas xa establecidas para cada Estado membro durante cinco anos ata o 2015, ano da súa desaparición definitiva. O Chequeo médico, ademais, establece que cada Estado membro pode introducir axudas específicas dirixidas ao sector lácteo utilizando fondos dos seus respectivos sobres financeiros, como paso previo á eliminación das cotas.

2.2 O sistema de cotas lácteas

A orixe das cotas lácteas está no ano 1977, cando se establece a taxa de corresponsabilidade para corrixir os excedentes no mercado lácteo. Consiste nunha cotización temporal que gravaba as entregas realizadas por cada explotación á industria láctea co fin de reducir a oferta. As penalizacións consistían en reducións dos prezos de intervención polo que afectan a todos os produtores de forma xeneralizada (Fernández del Hoyo, 1994, pp. 132, 136).

Coa reforma da PAC en 1984 establécense as cotas lácteas. As cantidades fixadas para cada produtor correspóndense coa produción entregada en 1981 cun aumento do 1%. As penalizacións no caso de que existan excedentes son individuais para cada gandeiro que sobrepase a cantidade establecida. No momento de aplicación das cotas a penalización ascendía a un 75% do prezo indicativo se o réxime de cotas se establece para cada explotación (do 100% a partir de 1986), ou do 100% cando se establece para cada industria transformadora (que ten a posibilidade de axustar as explotacións con excesos e aquelas con déficit). Este sistema de cotas delimita o volume total de litros de leite (cota láctea admisible) por ano, país e rexión; crea unha reserva comunitaria a través da cal se pode incrementar a cota láctea por unha razón concreta como pode ser un convenio bilateral da UE con outros países e establece unha reserva nacional formada por aquelas cotas das explotacións gandeiras que pechan ou abandonan a actividade e cuxo destino decide o goberno de cada Estado membro.

España incorpórase á CEE en 1986 pero a asignación das cotas prodúcese no ano 1992. Ata 1996 o goberno nacional foi o encargado de aplicar o principio de corresponsabilidade pero, a partir de entón, son os agricultores os que costean o excedente. A produción de leite asignada a España, no momento que se estableceron as cotas lácteas neste país, é de 5.567 millóns de toneladas, o que implica un déficit do 20% respecto ao produtiva sobre todo, un déficit de materia prima respecto á capacidade produtiva do conxunto da industria.

As explotacións galegas (que son a metade das españolas e lles corresponde o 30% da cota asignada a España) contan cunha serie de características que frean a súa competitividade no marco do sistema de cotas europeo:

- Deben levar a cabo unha forte restrición no nivel de produción para poder manter o nivel de garantía e protección dos prezos.
- Contan cunha escasa superficie dispoñible e o mercado de terras presenta importantes deficiencias no funcionamento dos arrendamentos, polo que o crecemento da produción faise vía intensificación limitando a competitividade en costes co resto de Estados membros.
- As axudas da PAC están deseñadas para grandes explotacións, que non son características de Galicia, polo que non son efectivas para aumentar a renda agraria.
- Presentan unha enorme dependencia á compra de inputs para a alimentación do gando, que resultan caros pola inexistencia dunha base forraxeira próxima.
- A necesidade de comprar cota supón unha barreira de entrada no sector.
- A cota da que dispoñen as explotacións é insuficiente respecto á produción.
- O mercado de cotas en España funciona de forma ineficiente pois o prezo de mercado da cota é moi distinto ao seu valor obxectivo pola incertidumbre acerca da duración do sistema de cotas e dos prezos do leite.
- Os produtos nos que Galicia é especialista, lácteos e carne de bóvido, son excedentarios no mercado comunitario e están proporcionados por países como Francia ou Alemania.


Ante esta situación a supervivencia das pequenas explotacións gandeiras é apenas posible grazas á pluriactividade iniciada anos anteriores, isto é, a obtención de ingresos de outras actividades agrarias, do emprego noutros sectores ou das pensións dalgún dos membros (Sineiro García y Valdês Paços, 2001).

En canto á industria láctea, dende a instauración dos sistema de cotas aparece a figura de primeiros compradores, estes poden ter un papel de comprador comercializador que compra unicamente o leite a produtores e posteriormente o vende a industrias transformadoras ou ben desempeñar a función de comprador transformador que compra o leite a produtores directamente ou a compradores comercializadores para posteriormente sometelo ao proceso de transformación. Esta figura de primeiro comprador provoca un maior distanciamento entre explotacións gandeiras e industrias lácteas e normalmente é desempeñada por cooperativas, que recollen leite de varias explotacións e o venden a industrias lácteas de forma conxunta. As industrias lácteas supoñen un 21% das vendas totais da industria alimentaria, unha porcentaxe importante superada só polas conservas de pescado. A

maioría das industrias transformadoras non realizan a súa actividade no territorio galego e son grandes empresas surxidas da concentración de empresas xa existentes con capital maioritariamente extranxeiro (Castro Rodríguez, 2007, p.71).

Como resultado da aplicación do sistema de cotas lácteas, a produción de leite na UE reduciuse, non se volveron rexistrar os enormes excedentes de principios dos oitenta e mantívose en niveis similares ata 2014. Os países membros da UE-10 (previos á adhesión de España e Portugal) restrinxiron fortemente a súa produción láctea e os países que se incorporaron, como é o caso de España, véñse obrigados a reducilas. O ano 1986 coincide cunha redución do 3% das cotas lácteas repartido nas dúas campañas seguintes, tamén se aproba unha redución temporal do 4% a partir de 1987 e do 5'5% para os períodos seguintes. Polo tanto, a partir de 1991, os países membros da UE-28 tamén reducen a súa produción de leite. Nos anos 2008 e 2009 decrece de forma notable a produción debido á crise económica; este descenso é máis significativo na UE-28 que na UE-10. Nos últimos cinco anos, a produción de leite de vaca aumentou, tanto pola recuperación da crise como pola “aterrixaxe suave” levada a cabo na UE dende 2009. Esta política consiste nun incremento anual do 1% nas cotas con vistas á eliminación das mesmas en 2015. Este aumento da produción foi maior na UE-28 (7,5%) que na UE-10 (5,4%).(Figura 10).


Figura 10: Produción de leite de vaca na Unión Europea, 1973-2013 (en millóns de toneladas)



Fonte: Milk and milk products - 30 years of quotas, EUROSTAT Statistics Explained. http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Milk_and_milk_products_-_30_years_of_quotas.

Ademais de controlar a produción, o sistema de cotas derivou nunha drástica redución do número de explotacións e á par, nun aumento do seu tamaño (Figura 11). Dende o ano 1983 ata 2010 3,6 millóns de granxas cesaron a súa actividade (caída do 55%) nos estados incluídos na UE-10 o que supón unha desaparición de 326 explotacións cada día nos últimos 30 anos. Concretamente, das explotacións lácteas cesaron a súa actividade 1,2 millóns nos últimos trinta anos. No referente á UE-28 cesan a súa actividade 0,6 millóns de explotacións lácteas en 2013, das cales o 33% están localizadas nos países da UE-10.

Figura 11: Número de granxas leiteiras na UE en 1983, 1993, 2003 e 2013



(*) Does not include Germany.

(*) Farmtypes calculated with Standard Gross Margin (SGM) until 2000 and Standard Output (SO) from then onwards. Estimated for 1983 and 1993.

Fonte: Milk and milk products - 30 years of quotas, EUROSTAT Statistics Explained.


http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Milk_and_milk_products_-_30_years_of_quotas.

Co fin de reducir o número de explotacións e aumentar o seu tamaño, o Estado español establece ata o ano 1999 un total de nove plans de abandono da actividade para as explotacións lácteas, logrando incautar un total de 1.452 millóns de toneladas de cota, que non se puxeron a disposición doutras explotacións, senón que foron destinadas a cubrir compromisos de redución nas cantidades de referencia do Estado. A diferenza de España, países como Francia reasignaron a cota liberada cos plans nacionais de abandono a outros gandeiros cuxas explotacións eran consideradas prioritarias. Noutros casos, como o de Gran Bretaña ou Holanda foméntase un mercado compra-venda de cotas evitando así medidas de transferencia de cotas e explotacións. Dito mercado de cotas sen explotación en España empeza a estar presente a partir da campaña de 1994/95 ata a de 1998/99, período no cal 603.000

toneladas de cota transferíronse dentro da mesma Comunidade Autónoma, 116.000 entre distintas Comunidades Autónomas e a cesión de cotas estímase en 495.000 toneladas. O prezo de mercado das cotas reflexa a capitalización dun fluxo futuro das rendas xeradas pola posesión dese dereito polo tanto poderán facer fronte á adquisición de cotas aqueles gandeiros cuxo beneficio marxinal e capacidade de endeudamento sexa maior (Sineiro García y Valdês Paços, 2001).

O número de cabezas de gando vacún leiteiro dende o ano anterior á implantación do sistema de cotas tamén descendeu notablemente. Nos países integrantes da UE-10 a redución é dun 38%, sendo en 2014 o número de cabezas 16,3 millóns. O número de cabezas na UE-27, que era 27,1 millóns, descendeu nun 12% ata 2014. Finalmente, no ano 2014 a poboación de bovino de orientación láctea nos países membros da UE-28 é de 24 millóns de cabezas, 1,8 millóns menos cas existentes 31 anos antes na UE-10 (Figura 12). O mantemento do nivel de produción mentres a cabana gandeira descende, isto é, o aumento de produción por animal, débese aos avances tecnolóxicos, dietas máis produtivas, melloras nos métodos de muxido, etc.

Figura 12: Número de vacas de orientación láctea na Unión Europea, 1983-2014 (en millóns de cabezas).



(*) Includes buffaloes.

(*) Includes reunified Germany from this year onwards.

(*) 2002 data used for Romania in 2003.

Fonte: Milk and milk products - 30 years of quotas, EUROSTAT Statistics Explained.

http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Milk_and_milk_products_-_30_years_of_quotas.

3. Comparativa e rasgos estruturais do sector lácteo galego


3.1 A importancia do sector lácteo galego na UE e España

Con datos actuais do ano 2015 o sector primario (agricultura, ganadería, silvicultura e pesca) aporta o arredor do 4,6% do VEB rexional segundo Contabilidade Rexional de España do INE. Sumando a produción da rama agraria e da fabricación de produtos lácteos en Galicia a aportación sitúase nun 3,6% do total rexional (3,3% e 0,32% respectivamente, segundo datos do IGE, 2013). Pero estes datos non mostran adecuadamente a importancia do complexo agroalimentario na economía galega, pois a actividade láctea ten fortes lazos con outras ramas e supón o pilar económico das comarcas rurais.

Comparando os datos do sector lácteo galego con Europa, Galicia figura no ano 2011 entre as dez primeiras rexións lácteas da UE e, xunto coa Lombardía e Emilia-Romagna no norte de Italia, a única do sur de Europa que pertence a este grupo (Figura 13). Esta posición destacada de Galicia como rexión produtora no conxunto da UE non é a de España no seu conxunto respecto ao resto de Estados membros.

Pero a posición destacada de Galicia como rexión produtora no conxunto da UE non é a de España respecto ao resto dos Estados membros. Comparando a produción de cada país co total da UE, obsérvase que, no ano 2004 (data máis actual da que se dispón de datos de todos os países da UE) a produción de España supón unicamente o 4,67% da produción total da UE-25 mentres que Francia produce o 17,12% do leite producido na UE-25 (Figura 14).


Figura 13: Mapa da produción de leite nas rexións da UE en 2011.



Fonte: EUROSTAT.

<http://ec.europa.eu/eurostat/tgm/mapToolClosed.do?tab=map&init=1&plugin=1&language=en&pcode=tgs00046&toolbox=data>

Figura 14: Porcentaxe que supón a produción de leite de vaca dos países membros no total da UE-25 no ano 2004




Fonte: elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT. <http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do>

A produción de leite en España é moi inferior a de países como Francia ou Alemaña, e mantense en niveis similares aos de Irlanda ou Dinamarca e superiores aos do veciño Portugal. A pesar das notables diferenzas, a evolución da produción é similar en todos

os países membros: mantense sen grandes cambios dende o ano 1996, mostrando un lixeiro aumento nos últimos anos debido aos aumentos de cota previos á eliminación do sistema (Figura 15).

Figura 15: Producción de leite de vaca nas explotacións dos países da Unión Europea, 1996-2014 (en 1.000 toneladas)




Fonte: elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT. <http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do>

Comparando a produción de leite no ano 2004 e 2014 en Francia e España obsérvase que a produción durante dez anos aumenta lixeiramente. A produción española é de 6.779,75 mil toneladas, das cales case a metade corresponde ás explotacións galegas (2.652,26 mil toneladas). Pola súa parte, a produción galega é aproximadamente unha décima parte da francesa, que ascendía a 25.779,58 mil toneladas en 2014. (Figura 16). Ao igual que ocorreu na Unión Europea, en España o Censo Agrario mostra que o número de cabezas de gando de orientación láctea diminuíu nos últimos anos, pasando de 1.097.614 efectivos en 2005 a 856.903 no ano 2015. (Figura 17). E do


total de vacas produtoras de leite pertencentes en España a comezos de 2015, case a metade, 348.016 cabezas, corresponden ás explotacións galegas (Táboa 2).

Figura 16: Producción de leite de vaca en Francia e España en 2004 e 2014 (en 1.000 toneladas)



Fonte: elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT. <http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do>

Figura 17: Censo de vacas de leite en España 2005-2015 (xaneiro de cada ano)



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Informe de monitorización e seguemento da produción de leite no sector vacún leiteiro. Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Febreiro de 2015.

Táboa 2: Censo de vacas leiteiras en España (xaneiro de 2015)

Región	Nº vacas leiteiras
España	869.830
Galicia	348.016
Cataluña	79.858
Andalucía	59.305

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Informe de monitorización e seguemento da produción de leite no sector vacún leiteiro. Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Febreiro de 2015.


3.2 Rasgos estruturais do sector lácteo galego.

O sector agrario galego, e en particular o sector lácteo presentan unha serie de rasgos ou características estruturais que na maioría dos casos limitan o seu crecemento e competitividade. Estes rasgos son os que se expoñen a continuación.

3.2.1 Pequeno tamaño das explotacións

Galicia, a maior produtora de leite en España e a única rexión cuxa produción é equiparable á das zonas máis produtoras de Europa, ten un número de vacas por explotación por debaixo da media española e moi por debaixo dos niveis de Cataluña e Andalucía, ambas rexións cunha especialización láctea moi inferior á galega. Non obstante, o número de vacas por explotación no período 2006-2015 incrementouse en Galicia de 18 a 31 cabezas. Para os mesmos anos, en Cataluña e Andalucía o número de cabezas pasou de 64 a 108 e de 43 a 63, respectivamente (Figura 18).

Figura 18: Evolución do tamaño medio das explotacións en España 2006-2015 (vacas/explotación)



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Informe de monitorización e seguemento da produción de leite no sector vacún leiteiro. Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Febreiro de 2015.

A pequena dimensión das explotacións presenta numerosas dificultades para a agricultura galega, como son:

- Problemas para a acollida do gando ou para alimentar e coidar as crías nadas na explotación xa que o reducido tamaño fai imposible a ampliación da cabana gandeira. Isto significa que o crecemento do número de animais sempre atopa un tope e os recursos dos que logran dispoñer campesiños subutilízanse.
- Incorrecta explotación do solo, un dos de maior capacidade forraxeira de Europa,

e das condicións meteorolóxicas galegas para cultivos que se utilizan na alimentación do gando, polo tanto resulta imprescindible a utilización de piensos.

3.2.2 Falla de asociación dos gandeiros reflexada nos baixos prezos

O prezo do leite pagado aos produtores en Galicia en decembro de 2014 é de 31,9 euros cada cen litros, mentres que os produtores españois reciben 34,4 euros por cada 100 litros entregados á industria (Táboa 2); a diferenza, os gandeiros cataláns e andaluces reciben un prezo moi superior á media española. Esta diferenza en prezos dunhas rexións a outras está causada, entre outros motivos, pola falla de organización e asociación das pequenas explotacións galegas para esixir condicións máis favorables na súa actividade.

Táboa 3: Prezos do leite en España en decembro de 2014 (€100 litros)


Prezos en decembro de 2014 (€/100 litros)	
Galicia	31,9
Cataluña	36,9
Andalucía	38,5
España	34,4

Fonte: Informe de monitorización e seguemento da produción de leite no sector vacún leiteiro. Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Febreiro de 2015.

3.2.3 Falla de diversificación

A desaparición das explotacións nos últimos anos viuse acelerada pola falla de diversificación das actividades ligadas ás explotacións bovinas. Esta falla de diversificación móstrase en que a produción láctea en España, en contraposición ao resto de países comunitarios produtores de leite, céntra naqueles produtos con menor valor engadido. Comparando a produción de leite de España coa de Francia obsérvase que a produción de leite de Francia durante os últimos anos é catro veces superior á española (Figura 19-A); pero a produción de manteiga en España correspóndese unicamente co 10% da francesa (Figura 19-B). En canto á produción de leite en po, ésta reduciuse nos últimos anos tanto en Francia como en España; a pesar diso, a súa produción en España segue sendo soamente o 2´4% da francesa (Figura 19-C). Por último, España mostra unha maior especialización na produción de queixo ca nos casos anteriores, representando el 16% da produción de Francia (Figura 19-D).

Figuras 19 A, B, C, D: produción de leite de vaca, manteiga, leite en po e queixo (respectivamente) en España e Francia de 2003 a 2013 (en 1.000 toneladas)



Fonte: elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT. <http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do>.

En definitiva, a falla de diversificación da produción en España refléxase nesta comparación con Francia: a produción de leite española é un cuarto da francesa pero a proporción de derivados lácteos é moi inferior en España. A produción láctea en España céntrase na comercialización de leite curda, actividade que xera pouco valor engadido (Véxase entre outros Escudero Roldós et al, 2012; Langreo Navarro, 2004).


3.2.4 Debilidade da industria láctea

A carencia dunha industria transformadora á altura do sector produtor é un gran problema para o sector lácteo en Galicia. A industria só aporta o 20% do VAB do complexo lácteo, correspondendo o 80% restante ás explotacións. A cadea produtiva está “truncada” e limítase á obtención de materias primas principalmente, de forma que a renda e emprego da man de obra véñense reducidas. Ademais, unha parte importante da produción expórtase para a súa transformación xa que as industrias galegas están especializadas no leite envasado, que é o derivado máis simple e que xera menor valor engadido e as marcas oficiais de calidade e a produción ecolóxica teñen escasa relevancia. Pola súa parte, as cooperativas limítanse a actuar como

pequenos compradores e aínda que comercializan o 25% do leite producido en Galicia, unicamente supoñen o 7% da elaboración industrial total (un bo resumo acerca deste tema pódese atopar en *O complexo lácteo galego nun mercado liberalizado. Estratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE* de E. López Iglesias, 2015)

Como se observa na Figura 20, a maior parte dos contratos en España son con transformadores privados e cooperativas de recolección, ao contrario que en países coma Dinamarca ou os Países Baixos, onde este tipo de contratos supoñen unha mínima parte das entregas. Estes contratos con transformadores privados tamén supoñen en Francia un menor peso que en España. Polo tanto, as cooperativas españolas limítanse a recolectar o leite das explotacións e vendela á industria transformadora, pero non se crea valor engadido nesas cooperativas.

Figura 20: Relacións contractuais no sector leiteiro comunitario (ano 2012)



Fonte: Informe da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello, Bruselas, 13/06/2014. <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52014IE5123&qid=1465903071220&from=ES>

3.2.5 Características dos xefes de explotación e estrutura do traballo na explotación

Na maioría das explotacións españolas o xefe de explotación fórmase como profesional de forma exclusivamente práctica, adquirindo experiencia dos anos de traballo, especialmente nas máis pequenas; a formación do titular da explotación como profesional agrícola e formación universitaria agrícola segue sen arraigarse e dáse nunha pequena parte dos casos sendo lixeiramente maior para as explotacións máis grandes. (Táboa 4).


Táboa 4: Número de explotacións por estudos realizados polo xefe de explotación en España

	Total de explotacións	Experiencia exclusivamente práctica	Formación profesional agrícola	Formación universitaria agrícola	Outra formación agrícola
Explotacións con SAU	967.293	819.795	23.763	14.700	109.035
ha < 1	81.639	72.052	1.070	618	7.899
1 < ha < 2	188.644	169.986	1.930	1.088	15.640
2 < ha < 5	232.799	207.006	3.023	1.797	20.973
5 < ha < 10	141.854	122.797	2.756	1.580	14.721
10 < ha < 20	110.964	91.442	3.452	1.667	14.403
20 < ha < 30	53.009	41.524	2.313	1.075	8.097
30 < ha < 50	54.731	41.259	2.889	1.418	9.165
50 < ha < 100	52.467	38.429	3.120	1.878	9.040
> 100	51.186	35.300	3.210	3.579	9.097

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. <http://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=2147&capsel=2149>

Pola súa parte, as unidades de traballo ano nas explotacións galegas diminuíron significativamente durante unha década: en 2003 as UTA agrarias eran de 122.030 efectivos e en 2013 descendían a 76.899. Este descenso débese á redución do traballo familiar, que aglutina á inmensa maioría das UTA nas explotacións galegas. Este traballo familiar está composto principalmente polo titular de explotación aínda que tamén hai unha parte destacada de traballo do cónxuxe. Pola súa parte, o traballo asalariado, que apenas se corresponde cun 6,07% do traballo familiar, aumentou para dito período a causa do aumento do traballo asalariado fixo que se debe ao aumento das explotacións con maior número de SAU, que necesitan contratar personal asalariado para as tarefas que esixe unha explotación de gran tamaño (Figura 21).

Figura 21: Unidades de traballo ano (UTA) nas explotacións galegas (2003-2013)




Fonte: elaboración propia a partir de datos de INE, IGE. Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas.

3.2.6 Especialización por provincias

A Coruña e Lugo son as provincias co maior número de explotacións leiteiras, pertencendo a cada unha aproximadamente o 40% das explotacións lácteas galegas (4.710 e 4.626 explotacións respectivamente). No conxunto de Galicia, o número de explotacións lácteas no ano 2014 son 11.364, o que supón o 28,78% do total de explotacións que ascende a 39.479 (Figura 22).

Figura 22: Número de explotacións segundo a tipoloxía no ano 2014. Galicia e provincias



Fonte: elaboración propia a partir de datos de SITRAN (Sistema Integrado de Trazabilidade Animal) proporcionados por Consellería do Medio Rural e do Mar; IGE, Instituto Galego de Estatística.

4. Crise actual do sector lácteo en Galicia

4.1 Eliminación do sistema de cotas e as súas repercusións no sector lácteo galego

A desaparición do sistema de cotas en abril de 2015 é a culminación dun proceso de liberalización do mercado lácteo comunitario na Unión Europea, iniciado no ano 2003. Dito proceso configura un mercado liberalizado tanto en prezos, coa desmantelación dos mecanismos públicos de estabilización dos prezos, como en cantidades, coa abolición das cotas lácteas (López Iglesias, 2015 p. 4).

A PAC para o periodo 2014-2020 inclúe unha serie de elementos ou cambios que afectan a medio prazo ás explotacións lácteas galegas e ao conxunto da cadea láctea na UE. Coa desaparición das cotas o previsible é que a produción aumente, coa conseguinte caída dos prezos. Para dar solución aos problemas que poidan surxir neste novo escenario, a Comisión necesita novos instrumentos que garanticen a estabilidade no mercado lácteo e a renda dos agricultores.

En primeiro lugar, establécese unha “rede de seguridade” que establece unha intervención pública unicamente no caso de que se produzan crises graves, deixando a estabilización dos mercados á autorregulación por parte dos axentes de cada cadea produtiva. Esta “rede de seguridade” só permite manter un prezo equivalente de 21,7 céntimos de euro/kg. Con esta medida preténdese evitar a falla de reacción ante as crises como ocorreu no ano 2009.

En segundo lugar, o 3 de outubro de 2012 entra en vigor o “Paquete Lácteo” e a súa vixencia será ata o 30 de xuño de 2020. Esta nova regulación inclúe os seguintes aspectos:

- **Regulación dos contratos obrigatorios (Artigo 148) e das Organizacións de produtores (artigo 152, apartado 3):**

Os contratos definen as responsabilidades dos axentes económicos na cadea láctea, aumentan a sensibilización das sinais do mercado, melloran a transmisión de prezos, adaptan a oferta á demanda e evitan determinadas prácticas comerciais desleais. Cada Estado decide a obrigatoriedade dos contratos por escrito entre produtores e industrias, a duración dos mesmos, o prezo ou o volume de produción e cada gandeiro decidirá libremente se firma ou non o acordo. No contrato debe aparecer tamén o prezo. O goberno español dictaminou que os contratos sexan obrigatorios, pero a súa duración mínima é dun ano mentres que en Francia é de cinco anos.

Así mesmo, obrígaselles aos Estados membros a recoñecer formalmente as organizacións de produtores lácteos (OPL) creadas por iniciativa dos produtores, cuxa finalidade consiste en:

- Garantizar que a produción se planifique de acordo á demanda tanto en calidade como en cantidade.
- Concentrar a oferta e comercialización dlos produtos dos seus integrantes.
- Optimizar custos e estabilizar os prezos de produción.
- Reforzar o poder de negociación dos produtores de leite.

Cada Estado pode decidir o número mínimo de membros ou o volume mínimo de produción que debe acadar cada organización para ser recoñecida. A maioría das OPL céntranse na produción de leite de vaca e o seu número na UE ascende a 228, algunhas delas xa existentes en Alemaña e Italia antes da entrada en vigor do Paquete Lácteo.

A pesar das vantaxes que a priori supoñen estas organizacións, as variacións nos requisitos mínimos supoñen un hándicap para conseguir grandes organizacións con potencial de aumentar o poder de negociación dos produtores.

- **Negociacións colectivas (Artigo 149)**

Os gandeiros lácteos afiliados ás organizacións de produtores poden negociar colectivamente os termos dos seus contratos (prezo do leite crudo, entre outros) para aumentar así o seu poder de negociación. Non obstante o volume de leite que pode negociar unha OP está limintado ao 3,5% da produción da UE e o 33% da produción de cada Estado membro; ademais, as entregas efectuadas por produtores afiliados ás

súas cooperativas de transformación non poden ser obxecto de negociacións conxuntas, non así as cooperativas de recolección que poden formar unha OP e negociar colectivamente cos transformadores.

- **Outras medidas**

Entre outras normas que establece o Paquete lácteo están unha regulación da oferta de queixos con denominación de orixe protexida ou indicación xeográfica protexida (artigo 150); normas para as organizacións interprofesionais (en España hai tres recoñecidas: unha para o leite de vaca, de cabra e de ovella) que inclúen produción e transformación pero non está representada a venda ao por menor. (Véxase *Informe de la Comisión al Parlamento Europeo y al Consejo, 2014*).

En terceiro lugar, na PAC con horizonte 2014-2020 tamén se introducen modificacións nas axudas directas ás explotacións. Iguálanse os pagos por hectárea dentro de cada Estado ou rexión (“converxencia das axudas”), o que beneficia únicamente ás explotacións con maior SAU e penaliza ás máis intensivas, e ademais reestrúctúranse os criterios para a adxudicación de axudas introducindo un maior peso dos ambientais, o que se coñece como “pago verde”.

Por último introdúcese un réxime para pequenos produtores, refórzanse os mecanismos de xestión de riscos e destínanse fondos de desenvolvemento rural para fomentar a contratación de seguros privados e de rendas por parte das explotacións.

Pola outra cara da moeda, estas medidas son cuestionadas pola súa escasa capacidade para afrontar situacións de forte volatilidade nos mercados internacionais. O CESE no seu informe sobre a «Situación tras a expiración do sistema de cotas leiteiras en 2015» advirte que é necesario reforzar os mecanismos públicos de estabilización dos mercados para evitar casos como a falla de reacción inmediata na crise de 2008-2009.

4.2 Problemas actuais do sector lácteo galego


O sector lácteo galego arrastra dende anos atrás problemas estruturais aos que non se lles intentou dar solución ou ésta fracasou durante a vixencia do sistema de cotas. Coa eliminación do mesmo, estas carencias do sector en Galicia póñense de manifesto.

- **Reducido tamaño das explotacións**

Na actualidade, e a pesar dos esforzos inversores realizados polas unidades agrarias, as explotacións galegas seguen a contar cunha reducida SAU unida en ocasións a unha elevada fragmentación das fincas. Esta última intentouse corrixir dende 1950 a través de políticas de concentración parcelaria, pero despois de 50 anos, ésta política solo se completou no 10% do territorio (unhas 280.000 hectáreas), en outros casos, o proceso está iniciado ou solicitado pero non aprobado.

En tan só 10 anos (de 1999 a 2009) cesaron a súa actividade un total de 161.355 explotacións galegas, das cales a inmensa maioría tiña unha SAU inferior a 5 ha. O único grupo de explotacións que aumentaron a súa actividade son as que contan con entre 20 e 50 ha. de SAU, pero este grupo segue sendo minoritario en Galicia (Figura 23).

Figura 23: Agrupación das explotacións agrarias en Galicia segundo a súa SAU 1999-2009 (en ha.)



Fonte: elaboración propia a partir de datos de INE e IGE, Censo agrario.

- **Intensificación e elevados custos**

O modelo produtivo consolidado nas explotacións de leite galegas dende as últimas décadas presenta dificultades para ampliar a base territorial a través da compra ou o arrendamento de terras; estas limitacións estruturais fan que a superficie agraria por explotación siga sendo reducida e polo tanto o crecemento da produción lévase a cabo pola vía da intensificación aumentando a carga gandeira e o output por hectárea. Esta intensificación vése favorecida pola inclusión no pago do leite aos produtores por parte


das industrias de primas en función do volume vendido polo que os gandeiros se centran en aumentar a produción e non en diminuír costes; e tamén se ve favorecida pola vinculación das axudas directas da PAC dende o ano 2004 (prima láctea, integrada dende 2006 no Pago Único) co volume de produción establecido pola cota.

A intensificación do sistema produtivo provoca unha serie de problemas para as explotacións, entre eles:

- A dependencia de Galicia á compra de alimentos para o gando, procedentes maioritariamente de materias primas importadas e desaproveitamento dos recursos propios, isto é, miles de hectáreas cun alto potencial agrario abandonadas ou infrautilizadas.
- Problemas medioambientais pola coexistencia na mesma unidade territorial de dous fenómenos: crecente intensificación produtiva dunha parte limitada do territorio e, por outro lado, abandono ou infrautilización de grandes extensións cun elevado potencial agrario.

Na Figura 24 móstrase o gran problema que supón a intensificación como modelo de crecemento produtivo nas explotacións.

Figura 24: Evolución das macromagnitudes agrarias en España de 1990 a 2015 (valores correntes a prezos básicos en millóns de euros)



Fuente: elaboración propia a partir de datos de Subdirección General de Estadística. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. <http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura/#para3>


Mentres que o valor da produción de leite se mantíña practicamente no mesmo nivel dende 1990 ata a actualidade, o valor dos consumos intermedios, compostos na súa

maioría por piensos para a alimentación animal, disparáronse alcanzando niveis moi similares á renda total no seu conxunto, o que significa un escaso marxe de beneficio para os produtores. O encarecemento dos insumos para a alimentación animal débese á gran volatilidade nos mercados internacionais do prezo das materias primas utilizadas para a súa elaboración. A renda agraria, aínda que experimentou un crecemento significativo, estancouse dende o ano 2002, tendendo nos últimos anos a reducirse e sen deixar de sufrir fortes oscilacións (López Iglesias, 2013, pp. 3, 6, 7, 12).

- **Baixo prezo do leite pagado aos produtores**

O mantemento en cifras demasiado baixas do nivel de prezos é o factor que máis incide no abandono da actividade a curto prazo. O coste de oportunidade da man de obra sitúase nunha renda mensual de mil euros, polo tanto, os prezos en orixe deberían cubrir dito custo. Nos últimos anos, as fortes oscilacións nas cotizacións internacionais das commodities lácteas transládanse ao mercado europeo, o que fai que os prezos dos produtos industriais sexan inestables, e polo tanto, tamén o son para os produtores de leite. O prezo medio do leite en orixe na UE no ano 2014 asendía a 35,1 €/100 litros. En España, o prezo é inferior a esa media (33,1 €/100 litros) e sitúanse por riba desa media os prezos en Francia ou Alemania (Figura 25):


Figura 25: Prezos comunitarios do leite en outubro de 2014 (2014 (€/100 litros)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de EUROSTAT.

En Galicia o prezo medio do leite para o mesmo ano é de 35,1 €/100 l. experimentando unha forte tendencia á baixa no ano 2015 coa desaparición das cotas. Dende o ano 1996 ata a actualidade, ese prezo pasou por numerosas oscilacións. O aumento do nivel de prezos excepcional rexistrado en 2007 e 2008 débese a subidas xeralizadas nos mercados internacionais dos prezos de produtos alimentarios debidas a lixeiros déficits de produción unidos á baixa elasticidade da demanda destes produtos e tamén ás restriccións establecidas nalgúns dos principais países exportadores para protexer os seus mercados internos. O mesmo ocorre en 2010 e 2011 pero para o caso de Galicia ese incremento é moi limitado e está causado pola subida nos prezos dos pensos e o combustible. A pesar das numerosas variacións, o prezo en 1996 e 2015 é practicamente o mesmo (Figura 26).

Figura 26: Evolución do prezo medio anual do leite en Galicia 1996-2015 (€/100 l.)




Fonte: elaboración propia a partir de datos de IGE, Instituto Galego de Estatística.

O prezo do leite tamén presenta valores distintos para cada mes do ano (Figura 27). No período 1996-2015 o prezo medio mensual do leite é inferior nos meses estivais. A razón desta diferenza nos prezos é a caída da demanda de leite nos meses máis calurosos unido ao aumento da produción do gando pola maior presenza na alimentación dos animais de pastos verdes.

O prezo do leite, á súa vez, desglósase nun prezo base e unhas primas. Estas primas son nunha pequena parte en función da calidade (bacterioloxía, materia proteica, materia grasa) e na súa maioría primas en base a criterios subxetivos fixados pola industria, entre elas as primas por cantidade (Figura 28). Tomando como referencia o


ano 2006, obsérvase que as primas por materia grasa nos meses de verán chegan a ser negativas (-0,04 €/100 l. para o mes de xullo), isto é, diminúen o prezo final en orixe. O resto das primas ligadas á calidade tamén son máis reducidas nesta época do ano polo que a diminución do prezo do leite en épocas estivais tamén se debe á diminución das primas pagadas aos produtores.

Figura 27: Variación do prezo medio mensual do leite medido en €/100 l. (datos de 1996 a 2015)



Fonte: elaboración propia a partir de datos de IGE, Instituto Galego de Estatística.

Figura 28: Composición das primas lácteas en Galicia durante o 2006 (€/100 l.)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de IGE, Instituto Galego de Estatística.

Non obstante, como mostra a táboa 5, o total das primas representa, no ano 2006 tan só o 14,78% do prezo total, porcentaxe que foi diminuindo nos seguintes anos ata pasar a representar no ano 2013 tan só o 8,02% do prezo (2,78 €/100 litros).

Táboa 5: Composición do prezo do leite percibido polos produtores en Galicia 2006-2013 (en €/100 l.)

Anos	Prezo base	Total Primas	Prezo Total
2006	25,24	4,38	29,61
2007	32,07	4,46	36,54
2008	33,63	3,21	36,85
2009	25,64	2,05	27,69
2010	23,072	1,91	28,59
2011	28,41	2,26	30,67
2012	27,64	1,82	29,46
2013	31,9	2,78	34,67


Fonte: elaboración propia a partir de datos de Consellería do Medio Rural e Mar, Observatorio do Sector Lácteo proporcionados por IGE, Instituto Galego de Estatística.

A continuación utilizarase a seguinte clasificación das explotacións de vacún por estratos segundo o seu volume de cota:

- Estrato 1: explotacións con cota inferior a 100.000 kg de leite/ano.
- Estrato 2: explotacións con cota entre 100.001 e 200.000 kg de leite/ano.
- Estrato 3: explotacións con cota entre 200.001 e 300.000 kg de leite/ano.
- Estrato 4: explotacións con cota entre 300.001 e 400.000 kg de leite/ano.
- Estrato 5: explotacións con cota entre 400.001 e 700.000 kg de leite/ano.
- Estrato 6: explotacións con cota maior de 700.001 kg de leite/ano.

Tendo en conta esta clasificación, obsérvase na Figura 29 que as explotacións con menor volume de cota reciben un prezo comparativamente inferior, que de 2010 a 2015 foi de media 28,60 €/100 litros. Ao contrario, as explotacións con maior volume de produción reciben para o mesmo período 32,93 €/100 litros de media; polo tanto, entre as explotacións de maior e menor cota dispoñible existe unha diferenza de 4,34 €/100 litros. Esta diferenza está causada polas primas por cantidade (incluídas en “outras primas”) que fixan as industrias e pola maior capacidade de negociación das grandes explotacións.

Figura 29: Prezos do leite por estratos declarados polos compradores en Galicia 2010-2015




Nota: Dende abril de 2015, os datos de tramos de produción determínanse pola estimación da súa produción en base á estacionalidade mensual.

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Consellería do Medio Rural e Mar, Observatorio do Sector Lácteo proporcionados por IGE, Instituto Galego de Estatística.

Coa eliminación do sistema de cotas en abril de 2015 acentúase a volatilidade dos prezos do leite e o seu mantemento en niveis baixos. Como se observa na figura 30, o prezo do leite rexistra os seus niveis máis baixos cando se rexistran as producións máis altas. Este fenómeno xa se rexistrou dende o ano 2008 polos sucesivos aumentos de cotas previos á súa desaparición (“aterrixaxe suave”). Dende abril de 2015 a produción tende a aumentar, polo tanto, prevése que os prezos mostren caídas aínda máis acentuadas.

Para ter unha visión máis ampla de este último e extenso apartado pódese consultar Valdés Paços et al., 2011, pp. 5, 6; Carazo Jiménez, 2014, Escudero Roldós et al., 2012, pp. 686, 688, 689.

Figura 30: Evolución das entregas (toneladas) e prezo do leite (€/100 litros) en Galicia 2010-2015



Fonte: Consellería do Medio Rural e Mar. Xunta de Galicia.
http://www.mediouralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/gandaria/observatorio/2015/15.12.04_entregas.pdf.

- **Os cambios na demanda**

Por último, a demanda española, como consecuencia da crise económica, experimentou numerosos cambios tanto no referente ao consumo de leite envasado como de queixos e outros produtos elaborados (iogures, postres, batidos). Os consumidores valoran máis o prezo fronte á calidade, de forma que as marcas de distribuidor adquiren cada vez maior importancia, e as empresas galegas, que producen cun escaso marxen de beneficio, véñense obrigadas a competir en prezos.

5. Reestructuración do sector: posibles alternativas e perspectivas de futuro

Os problemas polos que atravesamos o sector lácteo galego actualmente representan importantes desafíos para o futuro. A abolición do sistema de cotas, a pesar das inestabilidades que xera especialmente nos prezos, abre certas oportunidades para as explotacións de leite en Galicia, pois no conxunto de España a produción é un 25% inferior ao consumo (equivalente a un déficit de 2,4 millóns de toneladas de leite), importacións netas que poden ser substituídas por produción nacional sempre e cando se logre conseguir un sector competitivo a nivel europeo (López Iglesias, 2015, pp.22, 23).

A pesar das características desfavorables das explotacións galegas, estas forman parte do “modelo emerxente” de desenvolvemento rural nos países do sur de Europa, isto é, o sector lácteo supón para zonas como Galicia un gran potencial para crecer, con 39.000 familias na nosa rexión que actualmente depende do sector lácteo. A interacción dos problemas arrastrados do sector lácteo galego e as posibilidades de mellorar a súa situación actual fan que este sector se enfrente a unha serie de retos en Galicia e en toda a UE que deben estar apoiados por unha política comunitaria adecuada. Algúns destes retos aos que se debe reaccionar recóllense a continuación.

- **Facer fronte aos baixos e volátiles prezos e aos excedentes de produción na UE**

A extrema volatilidade dos prezos do leite é unha situación relativamente recente no mercado comunitario e prodúcese tras a redución sustancial das axudas ao mercado e a rebaixa dos aranceis á importación. A esta volatilidade hai que sumarlle os baixos

niveis de prezos recibidos polos produtores tras a abolición do sistema de cotas debido aos excedentes no mercado lácteo comunitario.

Para afrontar os episodios de forte volatilidade dos prezos lácteos e tamén dos costes dos insumos, o CESE (Consello Económico e Social Europeo) propón que a UE facilite aos Estados membros solucións fiscais e instrumentos de cobertura:

- Axudas fiscais que permitan aos agricultores reservar fondos durante os anos favorables que solo se contabilicen e graven nos anos peores, pero que estes fondos poidan ser utilizados como palanca de inversión nos períodos intermedios por quenes teñen previsto expandirse.
- Establecemento de contratos de marxe fixo e de fácil acceso para os agricultores. Este réxime de prezo fixo vinculado ao índice do leite que permitiría aos gandeiros bloquear unha parte da produción a un prezo fixo durante un período de tempo determinado, corrixíndoo gradualmente en función da inflación.

Co fin de evitar que os prezos pagados aos gandeiros sigan descendendo e incluso se desplomen por debaixo dos costes de produción precísase:

- Maior compromiso e liderazgo do Ministerio de Agricultura para que actúe no mercado e planificando e regulando publicamente a produción.
- Disposición a colaborar por parte dos axentes que compoñen a cadea de distribución e así poder establecer unha estratexia de prezos conxunta capaz de facer fronte ao principal competidor neste sector: Francia.
- Promover acordos estratéxicos entre industrias para que actúen como líderes e reguladores mercado español.
- De igual modo, a Comisión Europea debe levar a cabo unha intervención máis rápida no mercado tratando de reducir ao mínimo a presión dos minoristas, que obteñen uns prezos ao por maior máis baixos mediante presións – a veces cuestionables moralmente, aínda que sexan legais- proporcionánlles maiores marxes de beneficios e cobros abusivos a expensas do resto da cadea e do consumidor. Os agricultores que se atopan no extremo desa cadea carecen de medios para preservar un marxe que permita manter o nivel dos ingresos familiares. Para dar solución a esta situación, a Comisión Europea debe levar a cabo unha intervención máis rápida no mercado tratando de reducir ao mínimo a presión dos minoristas.

- Resulta igualmente necesario revisar a “rede de seguridade” xa que os prezos de intervención permanecen inalterados dende o ano 2008 (os do leite ofrecen un nivel de “axuda” equivalente a 19 céntimos por litro) e non gardan ningunha relación co actual nivel de prezos mundiais nin cos costes de produción primaria, incrementados nos últimos anos (Padraig Walshe, 2015).

- **. Integración en Organizacións de Produtores**

É moi importante a participación dos gandeiros en organizacións de produtores para:

- Garantir o mantemento no territorio europeo das explotacións familiares.
- Mellorar a súa posición na cadea de suministro.
- Dotar de asesoramento técnico e económico ás explotacións para garantir o futuro dos seus sucesores e mellorar a capacidade para xerar ingresos.

- **O fomento da cooperativa agraria como a “empresa por excelencia” na produción láctea**

A cooperativa é o marco xurídico, dende o punto de vista do agricultor, de maior éxito para xestionar unha empresa de produtos lácteos xa que as cooperativas dan prioridade aos beneficios dos seus accionistas (agricultores) xa sexa en forma de dividendos ou do prezo do leite e a súa actividade basease no benestar e o máximo interese empresarial dos seus membros. Ademais, as cooperativas permiten aos agricultores establecer contratos de prezos fixos ou a posibilidade de bloquear un prezo e/ou un marxen durante un período de tempo determinado co fin de xestionar a volatilidade dos prezos. Esta estrutura debe terse en conta por toda política do sector lácteo.

Así mesmo, a agrupación dos gandeiros en cooperativas permítelles gañar en calidade de vida, pois dótase de máis man de obra á explotación permitindo tamén a especialización e división do traballo. A maioría das cooperativas existentes en Galicia dedícanse á recollida de leite (compradores) pero non a transforman. Deberíase ir un paso máis adiante e ser as propias cooperativas as que xeren todo o valor engadido do leite, transformándoo e diversificando a súa produción á par que se xera unha industria transformadora á altura do sector productor (Rodríguez Vila, 2003).

Para a formación de novas cooperativas en Galicia é destacado o papel de AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias) como órgano de asesoría aos socios.

- **Oportunidades de ampliar mercado que ofrece a demanda**

As perspectivas agrícolas da OCDE e a FAO son que nos próximos anos a demanda mundial de leite e produtos lácteos se incrementará en torno a un 2% anual, acompañando o aumento da poboación do planeta, especialmente nos países emerxentes, onde o sector lácteo ten unha gran oportunidade para dirixir parte da súa produción. A pesar destas oportunidades de comercio, o descenso de demanda pola crise en 2009 e o bloqueo ruso limitaron as posibilidades de exportar nos últimos anos.

No caso de Galicia, é de gran importancia a demanda de leite por parte dos centros escolares, que se pode fomentar, e de feito se fomenta, a través de axudas para a compra deste produto e os seus derivados.

- **Preservar a importancia do sector lácteo en Galicia.**

O sector lácteo en Galicia realiza unha contribución vital á nosa rexión, non só polo emprego directo que xera, senón pola inmensa rede de actividades que están ligadas, e polo tanto dependen do seu futuro directa ou indirectamente, especialmente nas comarcas rurais. Non é menos importante o seu papel socioecómico e medioambiental pois a actividade agraria no seu conxunto é o eixe de vertebración do territorio, do que depende a conservación e coidado da natureza e dos espazos rurais, que é onde residen os valores da sociedade.

Estas características son extensibles a todas as rexións da UE, polo tanto é de vital importancia que os Estados membros recoñezan e apoiem esta contribución, que en moitos casos se basa en explotacións vulnerables e de reducido tamaño, nas que o mantemento da súa actividade está máis ligado ao compromiso de conservación do medio e respecto pola natureza que á súa rendabilidade

- **Mellorar a formación e o desenvolvemento da actividade láctea a xóvenes agricultores**

Por una parte, é necesario que as explotacións teñan acceso a servizos de asesoramento e formación empresarial para o seu futuro inmediato e o da súa sucesión: orientación sobre como diversificarse en maior medida, ser máis eficaces,

aumentar de tamaño se é economicamente viable ou tamén asesoralos sobre actividades profesionais alternativas que o agricultor a cargo ou o seu sucesor poderían considerar (reorientación profesional).

Unha posible reorientación en Galicia é o paso dunha explotación láctea a unha explotación cárnica, máis intensiva e menos dependente da SAU. Esta reorientación xa se deu en moitas explotacións galegas, ben como paso previo á súa desaparición ou ben para dirixir a súa produción ao mercado e manteñerse a longo prazo (Ribas et al. 2004).

Por outra parte, as autoridades comunitarias deben promover axudas a xóvenes agricultores ou tamén para fomentar o relevo xeracional, especialmente cando o éxodo rural resulte preocupante. Estas axudas poderían levarse a cabo mediante préstamos en condicións vantaxosas, entre outras posibilidades.

- **Fomentar a importancia medioambiental do sector lácteo**

Os agricultores deben producir alimentos e ao mesmo tempo protexer a natureza e a biodiversidade. A introdución de pagos medioambientais poden axudar a evitar o abandono de terras ou a infrautilización dos pastos.

- **O arrendamento como a vía para conseguir unha maior SAU**

Fomentar os arrendamentos debe ser unha prioridade na política rexional co fin de permitirlles ás explotacións aumentar a SAU e poder aproveitar así todo o potencial forraxeiro de Galicia. Ademais, precísase dinamizar o medio rural con actividades complementarias ás agrarias para que os propietarios das terras que non se dedican á actividade agraria as poñan en arrendamento e poidan así seguir vinculados á zona, constituíndo un segmento de demanda potencial para os produtos agrarios (véxase entre outros: De Miguel et al, 2003, p.70 e López Iglesias, 2013, pp.37, 38).

Para as pequenas explotacións que non consideren dirixir a súa actividade ao mercado europeo ofrecendo un produto competitivo e queiran manter o seu espírito tradicional teñen a posibilidade de manter a súa estrutura produtiva ofrecendo un produto ecolóxico e de alta calidade (Ferrás et al, 2007).

Conclusións

A agricultura galega componse dunha realidade moi variada. Por un lado existe un grupo pequeno de grandes explotacións e por outro lado a inmensa maioría son explotacións pequenas, cunha reducida SAU ás que lles resulta moi difícil manterse en funcionamento.

Dende o século XX o sector agrario presentou grandes dificultades para desenvolverse, tendo que adaptarse continuamente a novas realidades. O estalido da Guerra Civil e a posterior posguerra non trouxo senón un freno ao avance do sector cara a un máis modernizado acorde co do resto das economías que o rodean. Debido ao estancamento destes anos, a modernización na agricultura non se produciu ata os anos sesenta e a entrada á CEE ten lugar no ano 1989. As explotacións galegas entraban ao mercado comunitario un tamaño moi inferior ao dos seus competidores pero o Estado non puxo en marcha medidas efectivas para dar solución a esta circunstancia como deberan ser plans de cooperativismo ou agrupación de explotacións e limitouse a fomentar o aumento do tamaño das explotacións individualmente, nun marco no que a UE iba a esixir, ao igual que ao resto dos Estados membros, reducións no nivel de produción. As explotacións polo tanto vense obrigadas a realizar grandes inversións para mellorar a súa capacidade produtiva e instalacións. Pero ademais, para poder ampliar a súa produción ou incorporarse ao sector, os gandeiros vense obrigados á compra de cota, un activo que novamente esixe un gran esforzo inversor e que pasados os anos, cando as cotas se eliminen non terá ningún valor.

Pola súa parte, os gandeiros limitáronse a vender a produción cruda, sen redirixir a súa actividade cara un produto transformado, e iso unido á falla de asociación para negociar conxuntamente coa industria fai que os prezos sexan comparativamente máis baixos en Galicia que noutras rexións. Este problema non se atallou ata a actualidade, e coa desaparición do sistema de cotas en abril do ano 2015, cando a produción se disparou co consecuente descenso dos prezos que pon as explotacións nunha situación límite.

Dende a aplicación das cotas ata a súa desaparición o número de explotacións que pecharon en Galicia é desolador, sirva de exemplo que no ano 2014 cada día cesou a súa actividade unha explotación. A saída do sector desas explotacións non foi digna porque os plans de abandono estatais non recompensaban de forma correcta aos profesionais agrícolas que tantos anos e esforzo dedicaron a coidar do seu entorno e dos animais ao seu cargo.

Como aportación persoal, as explotacións deben centrarse en reducir costes de forma eficaz, especialmente no que se refire á alimentación do gando (ampliando a base territorial para a produción de forraxe) e ao gasto enerxía (aproveitando as posibilidades que dá o medio rural para a implantación dunha fonte de enerxía sostible). Débese ademais deixar a un lado a connotación negativa de sector agrario - medio rural – atraso e introducir na sociedade agraria unha cultura cooperativa que permita o desenvolvemento conxunto de explotacións individuais de forma competitiva para aproveitar así a destacada posición de Galicia como produtor europeo.

Moito máis importante é a incorporación de xóvenes gandeiros ás explotacións, na maioría dos casos persoas altamente cualificadas e formadas para o coidado animal e a produción nunha explotación. Debería dotarse a estes potenciais empresarios de formación na xestión económica e eficiente da explotación para evitar os problemas do pasado e ter capacidade de adaptarse a calquera circunstancia, ben sexa a caída dos prezos ou a competencia doutras rexións. Estes plans de incorporación poden evitar o peche de máis granxas. Hai que ter en conta que cando unha explotación cesa a súa actividade é moi difícil volvela a por en marcha (o retorno na inversión daríase a moi longo prazo).

Non deben deixarse de lado as cuestións medioambientais, pois unha agricultura sostible dende este punto de vista que utilice os recursos naturais con prudencia, é esencial para a produción de alimentos e para a nosa calidade de vida: hoxe, mañá e para as xeracións vindeiras.

Bibliografía

- Alonso Álvarez, L. (2010), La economía de Galicia, una panorámica, C. 1750-2010. *Historia Contemporánea*, 42, 15-65.
- Castro Rodríguez, R. (2007). El sector lácteo español, una actividad estratégica y necesaria para los consumidores. *Distribución y consumo*, pp. 68-76.
- Carazo Jiménez, L. (2014). *El sector lácteo tras la desaparición de las cuotas*.
- Comisión Europea (2005). *Análisis y perspectivas del sector primario en la Unión Europea*. Consejo Económico y Social. Informe 2/2005).
- Comisión europea (2014): “Evolución de la situación del mercado en el sector de la leche y de los productos lácteos y del funcionamiento de las disposiciones del «Paquete lácteo»”. *Informe da Comisión al Parlamento Europeo y al Consejo*, Bruselas, 13/06/2014.
- Consellería do Medio Rural e Mar, Observatorio do Sector Lácteo. X6unta de Galicia http://www.medioruralemarr.xunta.es/fileadmin/arquivos/gandaria/observatorio/2015/15.12.04_entregas.pdf.
- De Miguel, J.C.; Pérez, T.; Rodríguez, X.A. (2003). Tendencias productivas en las explotaciones de leche gallegas. *Revista Galega de Economía*, vol. 12, núm. 1, pp. 1-8.
- Escudero Roldós, C.; Irimia Fernández, S.; Álvarez López, C. J.; (2012). Análisis financiero y costes de producción en las explotaciones de vacuno lechero en Galicia. *XVI Congreso Internacional de Ingeniería de Proyectos*, pp. 681-691.
- EUROSTAT Statistics Explained. Milk and milk products - 30 years of quotas http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/Milk_and_milk_products_-_30_years_of_quotas.
- EUROSTAT <http://ec.europa.eu/eurostat/tgm/mapToolClosed.do?tab=map&init=1&plugin=1&language=en&pcode=tgs00046&toolbox=data>
<http://appsso.eurostat.ec.europa.eu/nui/show.do>
- Fernández del Hoyo, J. J. (1994). *La Política Agraria Común y sus reformas*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces, S. A.
- Fernández Redondo, M. (2004). *Política regional e interdependencia sectorial de la economía de galicia: un análisis a través de las tablas INPUT-OUTPUT*. Fundación pedro Barrié de la Maza Instituto de Estudios Economicos de Galicia.
- Ferrás Sexto, C.; Macía Arce, X. C.; García Vázquez, Y.; Armas Quintá, F. X. (2007).

- La agricultura familiar sostenible en sistemas minifundistas. Estudio de sistemas minifundistas. Estudio de casos comparados en Galicia e Irlanda. *Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, 6, pp. 101-128.
- García de la Cruz, J. M. y Ruesga Benito, S. M. (2014), *Economía Española. Estructura y regulación* (2ª Ed). Madrid: Ediciones Parafino.
- Instituto Galego de Estatística (www.ige.eu). Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas.
- Instituto Nacional de Estadística (www.ine.es). Contabilidad Regional de España.
- López Iglesias, E. (2013). El factor tierra como condicionante de la viabilidad de las explotaciones lácteas gallegas en un horizonte sin cuotas. *I Jornada técnico-económica "La producción láctea en clave económica"*.
- López Iglesias, E. (2015). O complexo lácteo galego nun mercado liberalizado. Estratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE. *Foro económico de Galicia*.
- Martínez López, A. (1991). *Antecedentes del sector lácteo gallego 1890-1935*. Universidade da Coruña. <https://www.researchgate.net/publication/28144833>.
- Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (2015). *Informe de monitorización e seguemento da produción de leite no sector vacún leiteiro*. Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios.
- Posada Navia, C. (1990). El sector productor de leche en Galicia. *Revista de estudios agrosociales*, nº154 (octubre-diciembre 1990). Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- Pradaig Walshe (2015). "Situación tras la expiración del sistema de cuotas lecheras en 2015". *Dictamen del Comité Económico y Social Europeo 2015/C242/04* publicado en *Diario Oficial de la UE* 23.7.2015.
- Ribas, A.; López Iglesias, E.; Loureiro, M.; (2004). *Características productivas y familiares de las explotaciones que pasan de la leche a la carne en Galicia*. Recuperado de <http://www.researchgate.net/publication/266022262>. DOI: 10.13140/2.1.4545.6643.
- Rodríguez Vila, S. M. (2003). *El cooperativismo agrario en Galicia: particularidades del sector lácteo*.
- Sequeiros Tizón, J. G. (1986). *El desarrollo económico en Galicia I*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Sequeiros Tizón, J. G. (). *Integración Económica y Comercio Internacional*.
- Sineiro García, F., Valdés Paços, B., (2001). Evolución del mercado y la estructura

productiva del sector lácteo español desde la integración en la CEE. *Economía Agraria y Recursos Naturales*, Vol.1,1, pp. 125-148.

Sineiro García, F., (1995). Modelo español de producción lechera: la explotación familiar en la Cornisa Cantábrica. *Distribución y Consumo*, pp. 106-109.

SITRAN (Sistema Integrado de Trazabilidad Animal) proporcionados por Consellería do Medio Rural e do Mar; IGE, Instituto Galego de Estatística.

Subdirección General de Estadística. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. <http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura/#para3>

Valdês Paços, B.; Vázquez González, I.; Lorenzana, R.; Sineiro, F.; López Iglesias, E. (2011), Los agricultores ante los cambios de la PAC: el caso de las explotaciones lácteas en Galicia. *VIII Congreso de economía agraria: el sistema agroalimentario y el mundo rural en una economía innovadora y sostenible*, Madrid.